

Mexillón de Galicia

Boletín do CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA. Número 14. Xuño de 2016.

foto: XURXO LOBATO



Os españois referendan este selo como garantía de Orixe e Calidade

06 Mercado

UE E EEUU NEGOCIAN UN NOVO TRATADO COMERCIAL

08 I+D

CATASTRÓFICAS MAREAS VERMELLAS EN CHILE

09 DOP

TRES PASOS DECISIVOS PARA O FUTURO DA DOP

EDITORIAL

Afianzar o futuro da DOP

Afianzar o seu futuro. Ese é o reto máis inmediato que afronta a DOP Mexillón de Galicia. Para conseguilo, xa están en marcha tres actuacións de grande calado. A primeira pasa por reforzar a estrutura da organización. Un fortalecemento baseado na incorporación de novos operadores, xa sean produtores, transformadores ou depuradores. Pero xunto á súa adhesión, preténdese que a súa involucración no día a día da DOP sexa moito máis áxil, de aí que se crearan tres comisións (Producción, Transformación e Depuración) desde onde cada un dos subsectores poderá dar a coñecer as súas opinións e necesidades e facer as súas propostas. Trátase, en suma, dunha ferramenta encamiñada a axilizar e optimizar o funcionamento da nosa organización. Unha segunda acción é a modi-

Un informe que marca o rumbo

"Estudo de Mercado sobre o Mexillón de Galicia. Imaxe, valoración e hábitos de consumo" é o título dun documento de grande relevancia para a DOP Mexillón de Galicia que analizamos neste boletín. E que di o informe? Pois por exemplo que máis do 80% dos españois come mexillóns, e, desa porcentaxe, o 52,2% o fai de forma habitual. Tamén di que o 81% dos cidadáns perciben ao mexillón como un alimento altamente saudable. Sendo moi clarificador todo o sinalado, hai dous aspectos que teñen que ver coa propia razón de ser da nosa DOP e que saen reforzados. Falamos da calidade e da orixe. Preguntados ao respecto, o 78,6%

ficación do Prego de Condicións da DOP en relación ó número de pezas por quilo. Actualmente, a regulación establecía ata 40 pezas/quilo para poder ser produto certificado. Pero as tendencias do mercado esixen adaptar a calidade e menos tamaño, o que está a xerar demanda de produto de máis de 40 pezas/quilo. Esta realidade obriga á modificación do Prego de Condicións da DOP, traballo que xa se iniciou.

Unha terceira actuación será a que afecta ó regulamento da DOP, vixente desde o ano 2000, que será adaptado á normativa que rexe nestes momentos para os consellos reguladores.

Todos estes cambios reforzan e dinamizan a DOP e contribúen a lograr un mellor posicionamento no mercado, o que, sen dúbida, beneficia a todos.

dos enquisados aseguran que os mexillóns con DOP teñen mellor calidade e que son os que garanten a súa orixe.

Este último dato é todo un estímulo para seguir a traballar na defensa da nosa marca como a única e verdadeira garante da orixe do Mexillón de Galicia, algo que entendeu moi ben o presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, Alain Cadec, na visita que realizou a Galicia.

As palabras de Cadec na reunión que mantivo coa DOP, na que respaldou con rotundidade o contido da sentenza da Audiencia de Pontevedra relativo ao ámbito de protección da DOP, deberían chamar á reflexión a aqueles que insisten en recorrer a tácticas dilatorias para evitar o cumprimento do que establecen as normativas comunitarias e a propia lei.

Mexillón de Galicia



SUMARIO

02 Editorial

Afianzar o futuro.

03 Identificación de produto

Alain Cadec respalda as teses de Mexillón de Galicia.

04/05 Mercado

Os españois ven na DOP unha garantía de orixe e calidade.

06/07 Comercio

A UE e EEUU negocian un novo tratado comercial.

08 I+D

Catastrófico primer semestre no sur de Chile.

09 DOP

Novas accións para potenciar o futuro da DOP.

Edición

CONSELLO REGULADOR DA
DENOMINACIÓN DE ORIXE
PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA

Avda. da Mariña, 25, 1º.
36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

Número 14. Xuño de 2016.
Depósito Legal: PO 23-2013

ESTUDO DE MERCADO

Máis do 80% dos españois consume mexillón

O mexillón é un produto altamente consumido polos españois. Esta é unha das mensaxes máis significativas do "Estudo de Mercado sobre o Mexillón de Galicia. Imaxe, valoración e hábitos de consumo" realizado pola Consellería do Mar. Este amplo traballo, baseado nas respostas obtidas polas enquisas realizadas ao longo de todo o territorio español, achega datos tan importantes como

que o 84,2% dos españois consume este bivalvo, aínda que sexa de forma ocasional, fronte a un 15,6% que non o fai nunca.

Respecto da frecuencia de consumo, o informe constata que máis da metade da poboación española (52,2%) inclúe o mexillón na súa dieta de forma habitual. Un 34,8% di tomalo todos os meses, un 16,6% todas as semanas e un 0,8% a diario ou case.

Un 32% indica que o adquire de forma ocasional.

Noutra das súas conclusións, este traballo deixa claro que a maioría dos consumidores perciben ao mexillón como un alimento altamente saudable. De feito, aseguran que os seus beneficios para a saúde son variados. Preguntados pola imaxe dos mexillóns con DOP, o 78,6% dos españois cren que teñen mellor calidade que os que carecen dese distintivo. Ademais, unha porcentaxe idéntica (o 78,6%) está convencida de que os mexillóns con DOP son os que garanten a súa orixe galega.

ATRIBUTOS DO MEXILLÓN

Un dos apartados deste traballo centrouse en coñecer a valoración dos enquisados acerca dos distintos atributos do mexillón, entre eles o seu sabor.

O 87,4% das respostas obtidas cualificaron o sabor do mexillón entre moi bo e excelente.

Valoración do sabor do mexillón




CALIDADE DO MEXILLÓN

Outro apartado no que se alcanzan respostas moi favorables é o que ten que ver coa calidade do mexillón. Aquí, o 91,1% dos enquisados sitúa a calidade deste produto en fresco entre boa e excelente.

Na modalidade de conserva, o 68,3% dos consultados cren que a calidade deste produto é moi boa ou excelente.


Valoración da calidade do mexillón (fresco)



CUALIDADES SAUDABLES

Xunto a outras cualidades, o mexillón é un alimento altamente saudable. Así o pensa tamén o 81% dos consultados, que considera que o mexillón é beneficioso para a saúde en xeral.

Valoración das propiedades do mexillón respecto a saúde e o benestar



NOVO MERCADO EUROPA/EEUU

Que supón o Tratado de Libre Comercio?

A OPACIDADE RODEA A NEGOCIACIÓN DO ACORDO ENTRE A UNIÓN EUROPEA E ESTADOS UNIDOS



A Unión Europea e Estados Unidos están a negociar o Tratado Transatlántico de Libre Comercio (TTIP). O propósito oficial deste acordo é a creación dun mercado trasatlántico de máis de 800 millóns de persoas

capaz de xerar novas oportunidades de emprego e crecemento gracias a un mellor acceso ao mercado e a unha maior compatibilidade de normativas e regulamentos. Trátase dun asunto de grande trans-

endencia porque afecta a tódolos sectores que teñen que ver co comercio, dende a alimentación (incluídos selos de calidade como as DOP) ata a gandeiría, pasando polo téxtil ou os cosméticos. Ademais, a negociación está rodeada dunha grande opacidade, o que está a suscitar disparidade de opinións entre quen defende o acordo e quen o ve como unha ameaza e o rexeita.

A DOP Mexillón de Galicia quere saber que hai detrás deste acordo e para elo recabou as opinións de deputados galegos no Parlamento Europeo coñecedores desta negociación en curso. Son Francisco Millán Mon, do PP, José Blanco, do PSOE, e Lidia Senra, de Alternativa Galega de Esquerda. Tamén solicitamos a aportación do BNG, pero non chegou a tempo para incluíla no Boletín.

Fóra da política, recabamos a opinión da Unión de Consumidores de Galicia. A todos eles trasladámoslle o seguinte cuestionario:

- 1.- Cales son as vantaxes e oportunidades que ofrece este tratado para Europa e cales son as súas desvantaxes?
- 2.- Como afectaría ao tecido socioeconómico de Galicia?
- 3.- Algunhas informacións alertan de que este Tratado pretende acabar cos selos de calidade dos alimentos vixentes en Europa, entre os cales se atopa a DOP Mexillón de Galicia. É certo?



Unión de Consumidores de Galicia

Pregunta 1

En principio, o TTIP reduciría barreiras arancelarias e legais, facilitando o comercio entre EEUU e a UE, posibilitando bens e servizos a prezos máis competitivos.

Os seus defensores din que as pequenas empresas poderían introducirse noutros mercados. Pero cando falan das vantaxes, refírense ás vinculadas ó crecemento de sectores como o automobilístico, o químico, comida procesada... Falando das desvantaxes, hai voces que alertan do negativo que sería para Europa xa que afectaría a cuestións básicas como seguridade alimentaria, protección ambiental, dereitos sociais onde os estándares da UE e dos Estados Unidos son diferentes.

Pregunta 2

O TTIP plantexa a harmonización das lexislacións de cada estado para facilitar o comercio. Con esa harmonización é posible que se produza unha rebaixa dos estándares laborais, sociais e ambientais. Nese escenario, as familias galegas ligadas ó primeiro sector terían dificultades para competir cos norteamericanos.

O modelo de produción agroalimentaria de Europa tería que facerlle fronte a produtos americanos xerados en condicións que non concordan cos estándares europeos. Pensar que isto non afectará negativamente ó tecido socioeconómico galego é inxenuo.

Pregunta 3

Nos Estados Unidos consideran as denominacións de orixe unha traba para o libre comercio, nun mercado globalizado e libre representan un freo para a expansión e a competitividade. Segundo as informacións que aparecen en diferentes medios de comunicación, este é un punto problemático nas negociacións. Os Estados Unidos non queren nin as DOP nin as IXP e a UE quere manter algúns produtos coa DOP, algúns, non todos os que actualmente a ostentan.

NOVO MERCADO EUROPA/EEUU

Pregunta 1

Francisco Millán Mon (PP)



As negociacións oríentanse a alcanzar un acordo que abarcaría facilitar o intercambio de mercadorías e servizos. O obxectivo é, salvo excepcións, suprimir aranceis e cotas.

As principais dificultades para o comercio UE-EEUU están nas barreiras regulatorias. Do que se trata é de buscar unha converxencia regulatoria ou establecer equivalencias mediante o recoñecemento recíproco dos estándares.

José Blanco (PSOE)



Os socialistas cremos nos acordos comerciais. Consideramos que poden ser un instrumento útil para regular as transaccións económicas, para favorecer a igualdade de oportuni-

dades entre grandes e pequenas e medianas empresas e, polo tanto, para favorecer o crecemento económico e a creación de emprego. O que estamos a facer os socialistas no Parlamento Europeo é traballar para que o tratado en negociación protexa os estándares europeos sociais, laborais e ambientais e para que a negociación se faga con transparencia.

Lidia Senra (AGE)



Este é un acordo con vantaxes para unha ínfima minoría de grandes corporacións transnacionais e con enormes desvantaxes para as clases populares e o conxunto da cidadanía.

Ademais, estase negociando con total opacidade, intentado que haxa a menor información posible tanto para a cidadanía como para as deputadas e deputados que temos que dicir se ratificamos ou non este acordo que, por certo, non é enmendable polos Parlamentos, so podemos dicir que si ou que non ao que negocian as partes.

Pregunta 2

Francisco Millán Mon (PP)



Un acordo amplo e equilibrado UE-EEUU sería beneficioso para Galicia, unha comunidade cada vez máis envorcada á exportación. 2013 e 2014 foron anos históricos para

Galicia en materia de exportacións. Esta pauta mantívose en 2015 cun crecemento do 5,6% respecto a 2014. A UE segue sendo o principal destino das exportacións galegas, pero EEUU é xa o principal destino non comunitario dos produtos galegos e o TTIP aumentaría o potencial deste mercado tan relevante.

José Blanco (PSOE)



O obxectivo dun tratado como o TTIP é estimular o comercio e o investimento entre a UE e os EEUU para xerar crecemento e emprego eliminando barreiras arancelarias e non

arancelarias. A base da economía galega está composta de miles de pequenas e medianas empresas que son as que máis dificultades teñen para acceder ao mercado norteamericano. España sería o cuarto país máis beneficiado polo acordo, cun aumento estimado do PIB per capita dun 6,55%. Un acordo nos termos que defendemos sería beneficioso para o conxunto da economía galega.

Lidia Senra (AGE)



O TTIP é un acordo que vai moito máis aló do comercial. Suporá unha rebaixa dos dereitos laborais e tamén dos prezos dos produtos agrícolas.

Collendo o exemplo do acordo UE-Canadá (CETA), pendente de ratificación, cando entre en vigor a UE abrirá durante cinco anos un continxente arancelario de 45.838 toneladas de vacún. Isto vai afectar negativamente a pequenos e medianos produtores de carne e, no caso galego, pode supoñer o golpe de gracia para zonas do país que viven do vacún.

Pregunta 3

Francisco Millán Mon (PP)



As negociacións entre a UE e EEUU non poñen en risco a permanencia en Europa do noso réxime de denominacións de orixe e indicacións xeográficas. A UE dispón dunha regula-

mentación para a protección deses selos de calidade que non sacrifica nas negociacións comerciais con países terceiros. Como é sabido, un dos escollos fundamentais nas negociacións do TTIP é obter a protección nos Estados Unidos de determinadas denominacións de calidade europeas que nese país son consideradas xa simples nomes xenéricos de produtos.

José Blanco (PSOE)



Desde logo, os socialistas non imos apoiar ningún acordo comercial que vaia en contra dos selos de calidade, que constitúen unha garantía para os consumidores. Ao contrario,

a nosa é unha aposta pola produción de calidade, como a propia DOP Mexillón de Galicia evidencia, xa que foi un logro acadado polo goberno de Pérez Touriño, e como lle consta á propia DOP do traballo que eu mesmo levo desenvolvido na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en defensa dunha etiquetaxe que vele pola protección das producións de calidade e que informe claramente ao consumidor.

Lidia Senra (AGE)



Esa é unha vella aspiración dos Estados Unidos. Dende a Ronda de Doha da Organización Mundial do Comercio, a pretensión dos Estados Unidos era acabar coas DOP. E agora

neste tratado tamén están en xogo. A Comisión está vendéndonos que as DOP van quedar protexidas, pero eu teño moitas dúbidas. No inicio desta lexislatura presentei unha pregunta á Comisión sobre o nivel de protección das Indicacións Xeográficas no acordo con Canadá. A resposta foi que cando entre en vigor o acordo, 145 Indicacións Xeográficas da UE quedarán protexidas en Canadá, das cales 23 son españolas e 0 (ningunha) galega.

I+D



UN CATASTRÓFICO PRIMEIRO SEMESTRE DE ANO NO SUR DE CHILE

Desde que se iniciou o verán austral, sucedéronse na X Rexión unha serie de fenómenos que desembocaron o 29 de abril na declaración de zona catastrófica de todo este borde costeiro, por unha marea vermella de intensidade nunca vista.

Todo comezou en Chiloé a finais de febreiro cando a intensa floración dunha microalga provocou a morte por asfixia duns 25 millóns de salmóns. Debido a limitada capacidade de procesamento en terra destes refugallos, a principios de marzo a patronal SalmónChile obtén permiso para verter unha parte da biomasa en descomposición a 75 millas da costa norte de Chiloé. Este polémico vertido de salmóns putrefactos está sendo investigado na actualidade por un Tribunal ambiental.

Unhas semanas despois unha enorme masa de ameixas machas mortas varan nunha praia do norte de Chiloé. A varazón cubre unha superficie duns 5 km de longo e 1.500 m de ancho. Este fenómeno súmase a outra ducia de varazóns ocorridas desde xaneiro en diversos puntos da costa chilena. Miles de camaróns, sardiñas, sepías... mortas depositáronse nas costas do país. Por último, co inicio do outono austral unha marea vermella paralizante producida pola microalga *Alexandrium catenella* esténdese polas costas da X Rexión, acadando

unha extensión e intensidade descoñecidas. A finais de abril as autoridades decretan o peche preventivo de todo o litoral desta rexión, o que obriga a paralizar toda actividade extractiva de moluscos e outros recursos. Mareas vermellas de *Alexandrium*, tiñanse producido nesta rexión desde 2002, pero nunca estendéranse polo océano Pacífico, chegando incluso ata as costas da IX Rexión. Isto último deu lugar a finais de maio tamén ao peche preventivo da IX Rexión. Os expertos calculan que nalgunhas áreas os mariscos tardarán meses en detoxificarse. Ademais alertan de que este fenómeno vai ser recorrente, xa que *Alexandrium* forma quistes que se acumulan nos sedimentos, e cando as condicións ambientais sexan favorables a marea vermella volverá a reproducirse.



O PAÍS AUSTRAL ESTÁ A SUFRIR UNHA MAREA VERMELLA NUNCA VISTA



A paralización completa da flota artesanal desembocou en intensas mobilizacións que mantiveron pechada a illa durante varias semanas.

Os pescadores demandaban unha explicación ao que estaba a ocorrer e reclamaban axudas para facer fronte a esta situación crítica. Diversas entidades científicas e as autoridades achacaron con celeridade toda a culpa da marea vermella ás anomalías climáticas rexistradas durante o verán (falta de choivas, augas máis quentes...). Falaban dun suceso natural que se incrementou debido a un fenómeno Niño especialmente intenso. Ademais explicaban que a masiva mortalidade das ameixas debeuse á toxina paralizante.

Pero xurdiron voces críticas e outros científicos denunciaron que había que ter en consideración outro factor: a contaminación derivada das gaiolas de salmón que se acumulan nas augas desta rexión. Estas explotacións verten ao mar volumes significativos de nutrientes que favorecen o desenvolvemento de *Alexandrium*. Durante maio, o conflito social se intensifica e crecen as críticas ao modelo produtivo potenciado nesta rexión: a piscicultura intensiva industrial de salmón. Incluso o bispo de Aysén súmase ao sector artesanal e declara: "estas empresas [a industria salmoneira] han hecho desaparecer la pesca artesanal." "Vivimos en un sistema que vende al mejor postor los recursos que son de todos".

Ante esta situación, o goberno anuncia a formación dunha Mesa Científica de Marea Vermella, integrada por investigadores independentes que ten a misión de determinar as causas desta anormal marea vermella, valorar a posible relación entre a mortalidade da ameixa e o vertido de salmóns putrefactos e realizar propostas de futuro para enfrontar estes fenómenos.

Finalizando xuño a situación social e produtiva parece normalizarse coa apertura gradual de áreas e pesquerías. Aínda así, a denominada peor crise medioambiental do país segue sen explicarse e as investigacións, tanto xudiciais como científicas, seguen en curso. Nos próximos meses poderemos avaliar se os resultados das mesmas contribúen a avanzar no coñecemento deste tipo de fenómenos que teñen escala global.

INFORMACIÓN

Tres pasos decisivos para afianzar o futuro da DOP

O Pleno do Consello Regulador está a levar adiante unha serie de accións para potenciar a DOP, tanto no sector como no mercado, e consolidar o CR dando resposta aos retos e perspectivas que se perciben no horizonte futuro.

Conforme aos obxectivos establecidos neste novo mandato, entre eles o de incrementar o número de empresas e de produtores certificados, estase percibindo boa disposición. Non obstante, déctase certo descoñecemento do que é a DOP e o CR, polo que se estimou necesario que os operadores inscritos participen na vida e decisións do CR e da DOP. Por este motivo créanse tres comisións, de Transformación, de Depuración e de Producción.

En cada unha delas teñen presenza os membros do pleno de cada subsector, así como os inscritos ou representantes

destes, de xeito que cada subsector poida ter un foro para poñer de relevo as súas necesidades, expoñer as súas opinións, presentar propostas para acadar unha mellor posición da DOP en beneficio de todos e colaborar co Pleno na toma de decisións.

Na primeira reunión de cada unha delas debatéronse as normas que rexerán as mesmas e realizouse unha análise da situación actual.

Así mesmo, depuradores, transformadores e produtores confirman unha tendencia de consumo de mexillón que esixe adaptar a calidade e menor talla, o que xera incremento da demanda de produto de máis de 40 pezas/quilo. Actualmente está regulado ata un máximo de 40 pezas/quilo para poder ser produto certificado. Incrementar o número legal de pezas/quilo para adap-

tarse á demanda do mercado obriga a modificar o Prego de Condicións da DOP en Bruxelas. Por este motivo, o Pleno acordou tal modificación e xa se iniciaron os traballos para cumprimentar a tramitación en Bruxelas, a través da Consellería do Mar.

Igualmente, a día de hoxe a xestión do Consello depende dun Regulamento do ano 2000. Dito ordenamento está necesitado dunha actualización para adaptalo á normativa que nestes momentos rexe para os Consellos Reguladores (Decreto 4/2007), polo que o Pleno acordou elaborar un borrador de Regulamento que será debatido nas Comisións e consensuado co sector. Co novo Regulamento esperamos dar resposta as necesidades de xestión do Consello Regulador.

Todos estes cambios, e outros que poidan vir, estanse levando adiante co obxectivo de afianzar e dinamizar o CR e acadar a mellor posición da DOP no mercado e no sector, en beneficio de todos.

OS FONDOS FEMP E A MITILICULTURA GALEGA

O feito de que exista a posibilidade de eliminar as axudas dos fondos FEMP ao sector bateiro galego ou que estas se vexan reducidas a proxectos moi concretos de I+D+i ou a algún tipo de innovación non definida pola Administración e non coñecida polo sector, supón que estamos ante a falla dunha cultura necesaria de defensa do noso, do que nos é propio, como son as potencialidades dunha actividade produtiva marítima que se revelou como un sector estratéxico altamente favorecedor do desenvolvemento económico das zonas costeiras e da distribución da riqueza, potenciando a utilización de recursos endóxenos, o que a fai sustentable no eido ambiental, económico e social.

As políticas e estratexias europeas que van a ser determinantes para o desenvolvemento futuro das actividades produtivas nas costas e mares da UE neste período dos fondos FEMP alcanzan ata o 2020. A mitilicultura galega, consciente destas oportunidades, non quere nin pode quedar á marxe da ambiciosa aposta polo "Crecemento Azul" (BlueGrowth), que pretende dar pasos cara a un modelo de desenvolvemento rexional sostible e socialmente inclusivo de base marítima; non pode nin quere quedar á marxe da necesidade de modernizarse mellorando e innovando os elementos (barcos, bateas, maquinaria...) propios da súa actividade, xa que melloran a rendibilidade, a seguridade laboral, aforran enerxía, inciden no desenvolvemento económico

das zonas costeiras, e que, de non facelo, frearía a incorporación de avances que fagan o sector máis forte nun contexto (o da acuicultura) cada vez máis esixente en termos de competitividade.

Atendendo á filosofía dos fondos FEMP e os seus obxectivos estratéxicos e tendo en conta a Política Marítima Integrada da UE e a Política Común das Pescas, a mitilicultura galega debería ser considerada como un sector preferente no destino dos fondos FEMP xa que, en termos ecolóxicos, a Análise do Ciclo de Vida desta actividade (comparativamente por unidade funcional) ten unha pegada de carbono moi baixa en relación con outras actividades acuícolas, e como exemplo estrela temos o da batea galega (técnica e medioambientalmente perfecta) e probablemente se estea moi lonxe de conseguir un elemento que a substitúa que sexa capaz de reducir a pegada de carbono da nosa batea autóctona. Por iso, a innovación ben pensada pasa por traballar coa Administración na busca de elementos comúns que nos permitan trazar estratexias que consoliden o aproveitamento dos fondos FEMP para a mitilicultura galega.

Gerardo Triñanes. Asteleiros Triñanes.



PROMOCIÓN



A DOP TIVO PRESENCIA NAS PRINCIPAIS CITAS FEIRAIS

A presenza da DOP Mexillón de Galicia nos principais foros feirais que se celebran tanto en Galicia como no resto de España continuou nos últimos meses.

No mes de abril houbo dúas citas relevantes, o Salón de Gourmets, en Madrid, e Alimentaria en Barcelona. Na capital do Estado, a DOP tivo a oportunidade de dar a coñecer as cualidades do mellor mexillón do mundo nun evento ao que acudiron 92 importadores de 25 países e no que se mostraron 35.000 produtos de todo o mundo. Ademais de informar a un público profesional das parti-

cularidades do Mexillón de Galicia, o salón tamén serviu para degustalo nas xornadas de cata e showcooking programadas.

A continuación, a DOP acudiu a Alimentaria, o Salón Internacional de Alimentación e Bebidas.



En Barcelona estiveron presentes tamén compradores de todo o mundo, en especial de Estados Unidos, Latinoamérica, Asia e Europa, e expuxeron os seus produtos empresas de máis de 50 países. A diferenza doutras citas feirais, en Alimentaria non houbo degustacións.

Xa en xuño, Mexillón de Galicia tivo presenza en Salimat, o Salón de alimentación do Atlántico que se celebrou en Silleda.

Neste marco, a tarefa promocional incluíu sesións de showcooking-degustación. A primeira denominada "Mexillón de Galicia: garantía de calidade e orixe", e a segunda "Mexillón de Galicia: namórate dun galego".



RECOÑECIMENTO

Distinguido o alcalde de Vilanova de Arousa coa Insignia de Ouro do Mexillón de Galicia

O 24 de maio, o Pleno do Consello Regulador do Mexillón de Galicia acordou por unanimidade outorgar a Insignia de Ouro de Mexillón de Galicia a Gonzalo Durán Hermida, alcalde de Vilanova de Arousa.

Entre os méritos do distinguido, o Pleno considerou a súa conduta en defensa do mexillón, plasmada na súa implicación na Volta Ciclista 2013 que partiu dunha batea de Vilanova, o apoio a eventos gastronómicos da DOP, ou o respaldo ao sector do mar fronte a proposta do anteproxecto da lei de Acuicultura.



EXPOSICIÓN



foto: Studioa4

Unha homenaxe ao mundo do mexillón

O 25 de maio a exposición "Mexillón de Galicia" abriu as súas portas no Museo do Mar de Galicia, onde permanecerá ata finais de xullo. Cincuenta fotografías e un audiovisual de tres minutos, ambos realizados polo fotógrafo Xurxo Lobato, integran esta mostra que forma parte dun proxecto concibido pola DOP para dar a coñecer en Galicia, España e o mundo unha marca como Mexillón de Galicia, que representa unha garantía

de calidade e orixe para o consumidor. Francisco Alcalde, presidente da DOP, lembrou que esta mostra completa un traballo do que forma parte tamén un libro, titulado "Mexillón de Galicia", que foi presentado o pasado mes de decembro. "Ese libro supuxo unha carta de presentación da DOP ante a sociedade e un elemento de autoestima para os operadores do sector. Agora damos continuidade a ese libro cun relato fotográfico e audiovisual,

dous formatos coas súas propias particularidades narrativas pero que teñen unha mesma finalidade: axudar ao espectador a que descubra que hai detrás de Mexillón de Galicia", explicou Alcalde.

A exposición está estruturada a modo de itinerario que comeza coa recollida da semente do mexillón nas rochas, prosegue nas bateas, onde o mexillón crecerá ata a súa retirada, e finaliza no mercado, onde se comercializa en diversos formatos. "O que aquí se pode ver resume moi ben o que somos. As imaxes axudan a entender como a través dun traballo configúrase unha forma de ser, a de quen forma parte de Mexillón de Galicia". Xurxo Lobato manifestou a súa satisfacción por ser partícipe dun traballo que representa "unha homenaxe ao mundo do mexillón. A todos os que converteron ao mexillón no que é na actualidade, unha das grandes industrias que temos en Galicia".

Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura, sinalou que a exposición contribuirá a poñer en valor todo o que está ligado ao mexillón, en tanto que para Vicente Caramés, director do Museo do Mar, a mostra permitirá ao visitante coñecer a un colectivo moi dinámico.

Xurxo Lobato, fotógrafo

"SINTO AGRADECIMENTO E SATISFACCIÓN POR FACER REALIDADE ESTE PROXECTO"

Qué sensacións ten despois de ver o proxecto Mexillón de Galicia feito realidade?

Satisfacción e agradecemento á DOP Mexillón de Galicia por facer realidade este proxecto. Despois de tres anos de traballo, penso que pagou a pena o esforzo. Si este proxecto, libro, exposición, vídeo, serve para abrir camiño ao Mexillón de Galicia xa estaría o obxectivo cumprido. Emociona ver ós bateiros ollar a exposición e o libro, verse reflectidos como un elemento artístico.

Tres soportes diferentes e cada un coas súas propias particularidades narrativas. Esta combinación de formatos contribúe a trasladar ao espectador unha visión máis certa do que é Mexillón de Galicia?

O proxecto está pensado desde o principio como un único contido que se mostra en soportes diferentes. É unha



mirada a través de tres medios para chegar ao público.

Ademais das técnicas, que outras dificultades entrañou este traballo? Resumir en imaxes o esforzo dos traballadores e do sector do mexillón non é doado. Por sorte tiveren toda a colaboración posible

da DOP para poder acceder ás bateas, industrias etc... O mexillón é tan importante para Galicia como Inditex ou Citroen. Iso é o que quixen reflectir. Somos pioneiros no mexillón e debe ser algo a non perder.

En que medida cre que este proxecto permitirá reforzar a imaxe dunha marca como Mexillón de Galicia?

É fundamental que se xenere unha contorna de prestixio en torno ao Mexillón de Galicia. Que o consumidor o aprecie cada vez máis e os restauradores o valoren como elemento de alta cociña. O libro e o vídeo teñen que ser un instrumento útil para a promoción do Mexillón de Galicia e dalo a coñecer fóra de Galicia. Hoxe o consumidor non só merca un produto, quere saber que hai detrás.

"Dame un punto de apoio
e moverei o mundo"

Arquímedes



XUNTOS CONSEGUIMOS MÁIS.